PONT-UP
STORE
2026

espazo de
emprendemento

11-12 SETEMBRO

Selección de emprendementos

Stands

A FURNA S.COOP. GALEGA XUVENIL
https://afurnacoop.com/
Cooperativa xuvenil de servizos audiovisuais que ofrece solucións integrais, desde a cobertura de eventos en vídeo e o streaming profesional ata a xestión de toda a posprodución, animación 2D e desenvolvemento de motion graphics.

AMMIGO
https://www.instagram.com/ammigo.eu/
Obradoiro de artesanía en madeira especializado en utensilios de cociña elaborados artesanalmente.

CALDEIRO CERÁMICA
https://caldeiroceramica.com
Obradoiro artesanal situado en Maceda (Galicia), onde a creación se vive con calma e propósito, baixo o lema «feito por mans, non por máquinas».

AURARTE
https://www.instagram.com/aurarte___/
Proxecto artesanal que dá unha segunda vida aos materiais recollidos no litoral galego.

BE KIND, LA AVENTURA
https://bekind-educacioncanina.com/
Proxecto de educación canina que substitúe as ordes tradicionais por aventuras e xogos na natureza. O seu enfoque fomenta o vínculo emocional co can mediante dinámicas de gamificación e actividades totalmente respectuosas.

BIONANDA SOLUTIONS
https://bionandasolutions.com/
Empresa adicada ao I+D+i e desenvolvemento de proxectos de consultoría en biotecnoloxía. Produtos destacados: bioaqua, biodesatascador e bioregeneración.

BONNIE COOPER, SOPRANO
https://bonniecoopersoprano.com/
Soprano canadense e profesora de canto afincada en Pontevedra. O seu manual abrangue desde exercicios de respiración, posturas e escalas ata técnicas de visualización, hixiene vocal e desenvolvemento da liña legato,

CARMA BRAND
http://www.instagram.com/carmabrand.es
Marca galega de produtos deseñados en 3D que, baixo o lema «Máis 3D, menos pegada», combina tecnoloxía e sustentabilidade empregando materiais respectuosos co medio ambiente.

CHISSIO
https://chissio.net/
Marca de moda galega impulsada por unha nai, Ana, para dar continuidade ao legado creativo do seu fundador, Marcos, a través de coleccións cápsula limitadas e exclusivas que equilibran elegancia e estilo urbano.

CÍRCULO DE BORDADORAS
https://circulodebordadoras.com/
Comunidade de mulleres que se reúne para bordar e crear arredor de deseños galegos orixinais. Un espazo para aprender, compartir e conectar. O proxecto inclúe kits de bordado con curso en liña e obradoiros para empresas e museos.

DIPINTO DI BLU
https://emmaromero.com/
Tenda en liña especializada en material para scrapbooking, papel xaponés e decoupage.

DIVERSA TECHNOLOGIES SL
http://www.sphirence.com
Spin-off biotecnolóxica do IDIS/SERGAS especializada en nanotecnoloxía para a liberación de fármacos.

DODO CREATIVA MADEIRA
https://www.instagram.com/dodocreativamadeira/
Pezas artesanais elaboradas a man en Galicia con madeira recuperada, traballada mediante o lume.

EFÍMERA CANDLES
http://www.efimeracandles.com
Proxecto de velas artesanais que crea pezas pensadas para sentir e contar historias, fusionando calma e intención en cada creación para xerar conexión.

ENERXÍA COMUNITARIA, S.L.
https://enerxia.comunitaria.uvigo.es/
Spin-off da Universidade de Vigo creada para poñer a enerxía en mans da cidadanía.

ENXAME DRONES
https://enxamedrones.com/
Espectáculos de drons en interiores sincronizados con luces e música para eventos.

Os stands marcados tamén participan na modalidade actividade.

Stands

FERMENTOS DA MEIGA
https://www.instagram.com/fermentosdameiga/
Escola itinerante de fermentación que busca conectar a ciencia coa sabedoría tradicional galega mediante o ensino de técnicas de fermentación, alquimia culinaria e coidado da microbiota.

FLORESTA FLORES
https://florestaflores.com
Floricultura ecolóxica situada en Gondomar, fundada por Alba. O proxecto ofrece ramos silvestres con movemento natural, venda de sementes, deseño de xardíns e obradoiros creativos.

FOREST
https://www.safe-forest.es
Forest é unha comercializadora eléctrica sostible de orixe renovable que nace co dobre obxectivo de reducir a pegada de carbono e abaratar a factura da luz.

ISMAELO RETROPOP
http://www.ismaelo.art
Artista autodidacta que revolucionou o Pop Art dixital fusionando obras pictóricas clásicas con iconas dos anos 80 e humor «chanante».

JOLÍN!
https://www.instagram.com/jolin.oficial/
Marca viguesa de moda infantil baseada no respecto á infancia. Deseña prendas únicas, coloridas e divertidas que dan voz aos nenos e nenas, vestindo o seu día a día con alegría, comodidade e un toque de rebeldía.

LABRE GANDO SL!
http://www.labre-gando.com
Compañía biotecnolóxica que desenvolve solucións sostibles para a xestión de xurros.

MARCO TRAVEL
https://marcotravel.io/
Axencia especializada en viaxes á medida e experiencias personalizadas.

MINA ILUSTRACIONES
https://minailustraciones.com/
Marca viguesa creada por Sandra Martínez que deseña coleccións propias inspiradas en Galicia. A partir de ilustracións artesanais, crea produtos ilustrados capaces de conectar coas persoas a través da emoción e da memoria.

MISSLYA
https://misslya.com/
Marca de produtos de seda de moreira elaborados entre Galicia e Portugal.

MOLUDEMOLUSCO
https://www.moludemolusco.com/
Ilustradora autora da ilustración do Pont-Up Store 2026.

NOSDEU
https://nosdeu.com
Cooperativa especializada en datos, analítica dixital e intelixencia artificial aplicada que axuda ás organizacións a ordenar a súa información e transformala en coñecemento útil para a toma de decisións.

NUMA COACH
http://www.numacoach.es
Plataforma que ofrece plans de adestramento personalizados, orientación nutricional e asesoramento deportivo dispoñibles as 24 horas.

PIPA PIRITA
https://pipapirita.com/
Marca de xoiería artesanal inspirada no mar e na contorna natural. Conta tamén cunha colección especial de marcacopas personalizables.

PLIC (RE)MADE
https://plic-remade.com/es
Estudo de deseño que fabrica mobiliario a partir de plástico reciclado de orixe local.

TREBA GOURMET
https://trebagourmet.com
Conserveira artesanal nacida en Burela cun profundo respecto polo mar.

ZONA MEIGA TOURS
http://www.zonameiga.es
PEME dedicada ás visitas guiadas polas Rías Baixas e a provincia de Lugo, centrada en difundir a cultura, as tradicións e o patrimonio galego.

Os stands marcados tamén participan na modalidade actividade.

Pont-Up Venture

DIVERSA TECHNOLOGIES SL
https://www.diversatechnologies.com/

Spin-off biotecnolóxica fundada polo IDIS e o SERGAS. O seu equipo médico e científico desenvolveu unha nanotecnoloxía patentada baseada en lípidos biodegradables que optimiza a liberación de fármacos. Estes nanosistemas estabilizan e dirixen as moléculas de maneira específica cara ás células axeitadas, aumentando a eficacia terapéutica dos tratamentos.

EDGECONTINUUM
http://edgecontinuum.com

Spin-off da Universidade de Vigo que transforma a infraestrutura existente das organizacións nunha plataforma de nube soberana, descentralizada e tolerante ás desconexións. Nacida da investigación en 5G e edge computing, combina rigor científico con aplicación práctica.

ENERXÍA COMUNITARIA, S.L.
https://enerxia.comunitaria.uvigo.es/

Enerxía Comunitaria é unha spin-off da Universidade de Vigo que nace para transformar o modelo enerxético actual e poñer a enerxía en mans da cidadanía. Trátase dunha empresa colaborativa, aberta e democrática creada para impulsar unha transición enerxética xusta, integrando persoas, comunidades de montes, empresas, institucións públicas e cooperativas comprometidas co cambio.

ILOVEIFC
https://iloveifc.com/

loveIFC é unha plataforma en liña gratuíta impulsada pola comunidade española BIMrras que permite modificar e procesar ficheiros IFC na nube sen instalar software. Para garantir a seguridade, procesa os datos directamente no navegador e ofrece funcións como unir, dividir e extraer atributos de modelos BIM.

LABRE GANDO SL
http://www.labre-gando.com

Labre Gando é unha compañía biotecnolóxica que ofrece solucións sostibles para a xestión de xurros e emendas orgánicas no sector agrogandeiro. O seu equipo emprega a microbioloxía para transformar residuos orgánicos en produtos eficientes, optimizando procesos, reducindo custos operativos e minimizando o impacto ambiental de forma personalizada.

MARCO TRAVEL
https://marcotravel.org/

Marco Travel é unha axencia especializada no deseño de viaxes á medida e experiencias personalizadas. Xestiona desde escapadas de luxo e paquetes vacacionais ata a loxística integral para eventos, congresos e viaxes corporativas.

SIZIT AI
https://sizit.ai/

Startup de intelixencia artificial que desenvolveu a ferramenta SizeFit AI. O seu software permite aos compradores de calzado en liña determinar a súa talla exacta cunha única fotografía do pé, cruzando as dimensións en milímetros coa guía de tallas da tenda. Deseñada como un complemento «plug and play» para plataformas como Shopify, axuda ás marcas a reducir devolucións e mellorar a conversión.

WORKSTAMP
https://workstamp.eu/

Workstamp é unha plataforma integral para a xestión de equipos, control horario e cumprimento normativo. A través da súa aplicación móbil permite fichar sen conexión, sincronizando automaticamente os rexistros ao recuperar internet. Ademais, incorpora xeolocalización GPS configurable e un sistema de solicitudes xustificadas para fichaxes esquecidas que o administrador pode aprobar ou rexeitar.

PONT-UP STORE 2026

espazo de emprendemento

11-12 SETEMBRO